



Dossier de prensa

Praza do Obradoiro – Santiago de Compostela

Do 21 de xaneiro ao 28 de marzo de 2016



Obra Social "la Caixa"

The Henry Moore
Foundation



Nota de prensa

A Obra Social "la Caixa", a Henry Moore Foundation e o Concello de Santiago de Compostela, presentan seis esculturas monumentais do mestre inglés no contexto do programa *Arte na rúa*.

Henry Moore

Arte na rúa

Henry Moore (1898-1986) é un dos grandes mestres da escultura moderna. Nas décadas que seguiron á Segunda Guerra Mundial alcanzou fama mundial polos bronce monumentais expostos en espazos exteriores, cívicos e públicos de todo o mundo, de Escocia a beiras do Mar Roxo, da escola secundaria do pobo onde naceu (Castleford, en Inglaterra), á sede de Nacións Unidas en Nova York. A exposición *Henry Moore* forma parte do programa *Arte na rúa*, a través do cal a Obra Social "la Caixa" quere aproximar a arte ás persoas fóra do marco habitual de museos e salas de exposicións. Os seis bronce monumentais que forman a mostra, organizada en colaboración co Concello de Santiago de Compostela e a Henry Moore Foundation, foron creados polo escultor na cúspide da súa carreira, entre os anos 1960 e 1982. Estas seis esculturas son unha mostra representativa dos motivos principais da obra de Moore: a fascinación pola figura reclinada e os temas sobre "nai e fillo"; a exploración da relación entre a figura humana e a paisaxe, tanto urbana como rural; a tensión entre o natural e o abstracto; e a transformación dos obxectos naturais en formas escultóricas.

Henry Moore. Arte na rúa. Organización e produción: Obra Social "la Caixa", en colaboración coa Henry Moore Foundation e o Concello de Santiago de Compostela.
Comisariado: Sebastiano Barassi, xefe de Coleccións da Henry Moore Foundation.
Datas: do 21 de xaneiro ao 28 de marzo de 2016. **Lugar:** Praza do Obradoiro de Santiago de Compostela.



As esculturas

Figura reclinada en dúas pezas núm. 2, 1960

Edición en bronce de 7 + 1

Fundación Henry Moore: doazón do artista en 1977 © The Henry Moore Foundation – Foto: Michel Muller



Realizada en dúas formas separadas, esta escultura non é só unha representación dunha figura reclinada, senón que se converte nunha fusión do corpo humano coas formas rochosas e coa paisaxe. Moore deuse conta da vantaxe da composición en dúas pezas para explorar a relación das figuras co entorno: abandonando a expectativa dunha representación naturalista da forma humana, converteu os xeonllos e os peitos en montañas, creando así novas e sorprendentes visións.

Gran figura de pé: fío de coitelo, 1976

Edición en bronce de 6 + 2

Fundación Henry Moore: adquirida en 1987 © The Henry Moore Foundation – Foto: Jonty Wilde



Esta obra, que evoca á famosa *Victoria alada de Samotracia*, foi concibida utilizando un dos métodos preferidos de Moore: a creación dunha obra monumental partindo dun fragmento de material natural. Neste caso, limitouse a engadir unha base e unha cabeza de plastilina a un anaco de oso de paxaro, e despois aumentou a maqueta resultante en tres fases. *Gran figura de pé: fío de coitelo* emana unha sensación etérea de ingravidez e de verticalidade flotante. A perspectiva cambia a medida que o espectador se move ao seu redor, alternando os seus bordos afiados coa solidez terreal das formas redondas e planas.



Peza de bloqueo, 1963-1964

Edición en bronce de 3 + 1

Fundación Henry Moore: adquirida en 1978 © The Henry Moore Foundation – Foto: Anita Feldman



Moore explicou así o que lle inspirou esta escultura: «Unha vez, estaba xogando cun par de pedriñas que recollera porque nos campos de detrás da miña casa hai una graveira con pedras de miles de formas e contornos distintos. Só hai que ir alí para atopar vinte novas ideas. En resumo, estaba xogando con dúas pedriñas que atopei e que, dun modo ou outro, estaban unidas e non podía separar. Así que pregunteime como puideran adoptar esa posición, como un puño fortemente pechado [...]. Finalmente logreino [separalas], e, xirándooas e inclinándooas, as dúas pezas separáronse. Iso deume a idea de crear dúas formas que puideran facer algo similar, e que despois chamei así porque estaban bloqueadas xuntas».

Óvalo con puntas, 1968-1970

Edición en bronce de 6 + 1

Fundación Henry Moore: doazón do artista en 1977 © The Henry Moore Foundation – Foto: Anita Feldman



Pertence a un grupo de obras cuxo tema central é a combinación de elementos antropomórficos con formas procedentes da natureza nunha linguaxe practicamente abstracta. Combina formas cheas e redondeadas, e puntos afiados enfrontados entre si pero que nunca chegan a atoparse. A idea inicial procedía dunha pequena pedra que se atopaba no estudio de Moore, con dúas puntas en contacto en medio dunha forma afundida. A partir de aí, o escultor modelou primeiro unha maqueta de xeso que despois ampliou de tamaño para crear un modelo de traballo en bronce, ata chegar a esta versión monumental.



Formas conectadas reclinadas, 1969

Edición en bronce de 9 + 1

Fundación Henry Moore: doazón do artista en 1977 © The Henry Moore Foundation – Foto: Michel Muller



Esta obra prosegue a exploración dun dos temas favoritos de Moore: unha forma exterior protexe ou encerra a outra interior. Esta idea, coas súas asociacións de protección e delimitación, tamén está estreitamente relacionada con obras máis figurativas, como as de nai e fillo. En palabras de Moore: «A armadura é unha cuncha exterior, como a cuncha dun caracol, que está aí para protexer as formas interiores máis vulnerables, igual que na armadura humana, que é dura e está aí para protexer o corpo brando. En ocasións, isto deu lugar á idea de nai e fillo, onde a forma externa, a nai, protexe a forma interna, o fillo, como unha nai protexe ao seu fillo».

Figura reclinada, 1982

Edición en bronce de 9 + 1

Fundación Henry Moore: adquirida en 1986 © The Henry Moore Foundation – Foto: Jonty Wilde x 2



O tema da figura reclinada foi un dos máis importantes na obra de Moore, ao que regresou unha e outra vez durante toda a súa vida. Proporcionoulle un motivo co que podía probar múltiples ideas escultóricas. El mesmo escribiu: «A figura reclinada ofrece a máxima liberdade de composición e de espazo. A figura sentada ten que ter algo onde sentarse. Non podes movela do seu pedestal. Unha figura reclinada pode reclinarse sobre calquera superficie. é libre e estable ao mesmo tempo [...] ademais, está en repouso, adáptase a min». Realizada cando Moore tiña 84 anos, esta escultura é máis alongada e sinuosa que algunhas das súas primeiras exploracións sobre o tema.



Henry Moore e España

A única visita de Moore a España foi no verán de 1934, con ocasión dunhas vacacións en motocicleta coa súa dona Irina e os seus amigos Raymond e Edna (*Gin*) Coxon. Entraron no país desde Francia, chegaron a Pamplona e tomaron a estrada da costa en dirección ás covas de Altamira, que Moore describiu como a «Real Academia da Pintura Rupestre». Despois visitaron Madrid, Toledo e Vic. Aínda que Moore nunca máis regresou a España, o país e a arte tiveron un significado moi especial para el durante toda a súa vida.

Ao igual que moitos artistas da súa xeración, Moore contemplou horrorizado os sucesos que ocorreron en España pouco despois da súa visita. Nunca antes en toda a súa traxectoria artística falara tanto sobre política, e o seu compromiso coa difícil situación que estaban atravesando os españois reforzouse trala visita que realizou ao estudio de Pablo Picasso en París en 1937, onde tivo a oportunidade de contemplar os avances do *Guernica*. Dous anos despois, Moore fixo a súa primeira litografía, *Prisioneiro español*, coa intención de vendela para axudar aos prisioneiros de guerra republicanos retidos nos campos de refuxiados de Francia.

En 1981 organizáronse importantes exposicións da obra de Moore na Fundación Miró de Barcelona e no Palacio de Velázquez de Madrid, e no ano 2006, en CaixaForum Barcelona. A raíña Sofía de España visitou a Moore na súa casa de Perry Green (Inglaterra) en 1983.

En 1995, no Auditorio de Galicia organizouse unha mostra, 'Escultura británica contemporánea. De Henry Moore aos anos 90', na que se incidía en seis xeracións da escultura británica e que trouxo a Compostela algunha das obras de Moore.



Biografía

Henry Moore, sétimo dos oito fillos de Raymond Spencer Moore e a súa dona Mary, naceu no pequeno pobo mineiro de Castleford (Yorkshire) o 30 de xullo de 1898.

Aínda que estaba absolutamente decidido a converterse en artista e expresou o seu firme desexo de presentarse aos exames para optar a unha bolsa na escola de belas artes da súa localidade, o seu pai considerou mellor que seguira os pasos da súa irmá maior e se dedicara á ensinanza. Tras un breve período como profesor en prácticas, Moore empezou a dar clases en horario completo no seu antigo colexio de Castleford.

Á idade de 18 anos foi recrutado polo exército durante a Primeira Guerra Mundial. Ao volver da guerra, Moore volveu a ocupar o seu posto de profesor en Castleford, pero por aquel entón xa estaba convencido de que dar clases non era o seu. Solicitou unha bolsa de ex combatente para asistir á Escola de Belas Artes de Leeds que lle foi concedida, e a finais do segundo ano obtivo outra bolsa para a Real Escola de Belas Artes de Londres.

En 1924, Moore foi nomeado profesor de escultura na escola londiniense. Foi alí onde coñeceu a Irina Radetsky, unha estudante de pintura con quen se casou en 1929. Nesa época, Moore empezou a moverse no mundo artístico de Londres. O seu primeiro encargo, recibido en 1928, foi a realización dun relevo esculpido para a recentemente estreada sede de transportes de Londres, no edificio do metro de Saint James. A súa primeira exposición individual, composta por 42 esculturas e 51 debuxos, celebrouse na Galería Warren, tamén en 1928.

En 1936, Moore asinou o manifesto polo que se solicitaba o fin da política de non intervención en España. Intentou viaxar á España republicana xunto con unha delegación de artistas e escritores ingleses, pero a súa petición foi denegada polo Goberno británico. En 1940, a súa casa de Hampstead viuse afectada por unha bomba próxima e os Moore alugaron unha vivenda en Perry Green, unha pequena



Obra Social "la Caixa"

The Henry Moore
Foundation



Nota de prensa

aldea de Hertfordshire, 40 quilómetros ao norte de Londres. O artista pasaría nela o resto da súa vida.

A principios da década dos corenta, comezou a facer debuxos de persoas nos refuxios antiaéreos do metro de Londres. Ditos debuxos, xunto cos que posteriormente realizaría nas minas de carbón, son considerados como un dos seus maiores logros.

A súa filla Mary naceu en 1946, o ano da súa primeira exposición retrospectiva no estranxeiro, no Museo de Arte Moderno de Nova York. En 1972 presentou unha exposición en Florencia, a maior e máis impresionante ata a data.

A Fundación Henry Moore

A Fundación Henry Moore é unha das máis importantes organizacións sen ánimo de lucro dedicadas á arte no Reino Unido. Fundada polo artista en 1977 co obxectivo de achegar as artes visuais ao gran público, na actualidade xestiona a antiga casa de Moore, organiza exposicións da súa obra en todo o mundo, dirixe o Instituto Henry Moore en Leeds e outorga bolsas e axudas a organizacións artísticas.

Área de Comunicación de la Obra Social "la Caixa"

Anxo Pérez Romariz: 981 12 65 37 / 619 14 99 55 / adperez@caixabank.com

Victoria Lobato: 629 732351 / vlcomunicacion@vlcomunicacion.com

Sala de Prensa Multimedia: <http://prensa.lacaixa.es/obrasocial>

 [@FundlaCaixa](#) [@CaixaForum](#) [#artenlacalle](#)

Comunicación Auditorio de Galicia

Míriam Fernández Louzao: 981 55 22 90 / 618 94 85 76 / comunicacion@auditoriodegalicia.org

 [@CCultura](#)

 [CompostelaCapitalCultural](#)